

Ramón Cabanillas

un soño de pombas do seu Cambados

Ramón Cabanillas Enríquez naceu o tres de xuño de 1876 “nunha casiña vella e probe, con patín, antre un pazo que fondóu un coengo de Compostela e unha praia que fixo persoalmente Noso Señor, na viliña de Fefiñáns, oxe axugada á vila de Cambados”.

O galego debeu ser o idioma materno e de relación coa nai; pero como indica Luís Rei nunha excelente crónica dos destellos e saudades do poeta cambadés, poida que o galego non fose a lingua preponderante no entorno en que se movía: a decisión de educar así o seu fillo, se cadra, tivo que ver con que “era unha muller de marcado carácter que nunca aceptou que este tivese excesiva protección das persoas para as que

ela traballaba -ou ou coas que convivía- e non quixo que o neno fose criado como un ‘señorito’, porque esa non era a súa condición”.

No seminario compostelán de S. Martiño Pinarío por primeira vez Cabanillas ouviu un mestre louvar a lingua galega, tal como lembrou cando ingresou nas Irmandades da Fala e cando en 1949 redactou o colofón de *Camiños no tempo*. E como seminarista participa en maio de 1891 na

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Doutor en Filoloxía Románica.

Catedrático da Área de Filoloxía

Románica da Universidade de Santiago

de Compostela. É membro numerario da

Real Academia Galega e do Padroado

do Museo do Pobo Galego



Retratos de labregos e labregas durante os anos nos que Cabanillas apelaba a eles como suxeitos políticos

comitiva que desfilou desde a estación do ferrocarril de Santiago ata o Panteón dos Galegos Ilustres no acto de translación dos restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio padronés de Adina.

Deixa o seminario para traballar como oficial de contabilidade dez anos en Cambados e libra do servizo militar por ser fillo de solteira pobre. A Cuba emigra no 1910 para fuxir da persecución a que o someteron por republicano e, sobre todo, por anticaciquil, tal como en 1934 lle confesará a Otero Pedrayo. Fuxía da presión ambiental da vila natal, que contaba cunha poderosa curia xudicial que se artellou na segunda metade do século XIX e que se consolidou no século seguinte. Esa inmobilista curia, como se dicía en 1907 no nº 1 do quincenario *El Umia*, que fundou e dirixiu Cabanillas, “no es una fuerza creadora sino un corrosivo que ataca todas las sustancias”, unha curia encalecida polo roce do embargo preventivo que non ve con amorosos ollos “más que el santo pagaré al 10 por 100, la hipoteca, la venta con pacto de retro”.

En *El Umia*, que só quería ser un xornal local de dinamización social, aparece por vez primeira o Cabanillas escritor anticaciquil e vagamente agrario. Nese quincenario editáanse os seus primeiros versos en galego: unhas coplas populares e a tradución dun poema de Verdaguer “Preludio. Morrerei no meu niño”. O ano en que marchou para Cuba Cabanillas fundara, tamén en Cambados, o xornal *El*

Cometa, onde mostra a súa adhesión á causa redencionista e anticaciquil do sindicato agrario Acción Gallega, que acababa de crear o crego ourensán Basilio Álvarez, que prologaría en La Habana o seu primeiro poemario, *No desterro* (1913), o que axiña contribuíu á súa difusión.

Basilio dicía que xa se encontrara “al gran poeta que nos llevaron el día que enterraron a Curros”; con todo, o eco da poesía civil de Curros só se percibe en “Camiño adiante” e nuns poucos poemas. Na obra predomina un lirismo neorromántico na liña de Rosalía e hai mostras da estética modernista que chegará ata *Samos*, o seu derradeiro poemario. En *No desterro* está moi presente o seu Cambados natal en poemas costumistas como “No pinal”, “Na ribeira”, “A traínera” ou “Na taberna”, texto este con trazos modernistas. A aparición desa obra e, sobre todo, a de *Vento mareiro* (1915), tamén en La Habana, supuxo unha sensación de alivio e de esperanza para a elite do incipiente nacionalismo galego, porque a estética moderna e universal deste poemario constituía un “aggiornamento” da linguaxe poética. Cabanillas, poeta tardío –tiña 37 anos cando publica *No desterro*–, era o “poeta arelado”, en palabras de Antón Villar Ponte, que logo o bautizaría como “Poeta da Raza”.

Entre 1915 e 1930 Cabanillas representa a estética “oficial” do nacionalismo galego. A súa obra determina a norma dominante mercé a tres

libros fundamentais e de forte impacto nesa época: o citado *Vento mareiro*, dedicado a un Cambados “probe e fidalgo e soñador”; *Da terra asoballada*, poemario de denuncia e de combate; e *Na noite estrelecida*, tres sagas sobre a busca do Grial, que Cabanillas proxectou como un mito galego e universal, como punto de encontro dos países célticos e expresión do sentimento común a Portugal, coa saudade como nexo común.

En setembro de 1930, Cabanillas participou na xuntanza da que saíu o manifesto coñecido como “Compromiso de Barrantes”, un documento que reflectía moi ben as inquietudes e arelas políticas do poeta ás portas da proclamación da II República; porén, na xeira republicana estivo lonxe fisicamente da Terra e emocionalmente afastado da causa que o movera nos anos precedentes. Dissentiu politicamente co galeguismo e distanciou de case todos os vellos “irmáns”; e polo que considera Luís Rei, dos moitos factores que influíron no roteiro vital e ideolóxico do poeta durante os anos republicanos, ningún acontecemento resultou tan decisivo na súa actitude futura como a cancelación que en 1932 fixo a Deputación de Pontevedra da subvención anual das 3.000 pts. que lle concederan cando a finais dos anos 20 o elixiran, xunto con Cotarelo Valledor, membro da RAE en representación das letras galegas.

O golpe de xullo do 36 colleo en Madrid, e no outono dese ano xa figura entre os intelectuais que o goberno republicano desloca a Valencia, onde se reencontra co seu vello amigo Castelao, do que estivera voluntariamente afastado por diferenzas políticas nos anos da República. En xuño de 1937 volve a Galicia, parece ser que coa axuda de Euxenio Montes, falanxista que fora galeguista. O poeta deixaba dous fillos nos dous bandos da guerra: José, falanxista de primeira hora; e Ramón, propagandista da causa republicana e logo exiliado en México. Agora, con 60 e tantos anos, Ca-



Cabanillas diante do monumento a Rosalía na alameda compostelá

banillas comeza unha particular peregrinaxe como secretario interino polos concellos de Meis, Silleda, Dozón, Moaña... sempre con denuncias polo seu pasado galeguista.

O 9 de xaneiro de 1944 representouse en Cambados o poema dramático *A ofrenda ás fadas no portal de Belén*, que é o primeiro texto poético de Cabanillas en moito tempo, escrito posiblemente naqueles duros anos da posguerra. Trátase dunha das primeiras representacións en galego da posguerra. Cando se pon en escena *A ofrenda das fadas* o poeta está a vivir en Cambados un dos momentos máis dolorosos da súa vida, porque unhas semanas antes morrera Eudósia, a nai dos seus oito fillos, a muller que os criara case en solitario, mentres el andaba “desterrado” por Cuba, Madrid, Mondariz... Escríbelle a Otero Pedrayo (“O 24 levoume Dios á miña santa muller...”) e quere que este seu íntimo amigo veña pasar uns días a Cambados para acompañalo.

Polo testemuño de Pedrayo e de familiares do poeta sabemos que a morte de Eudósia marcou un punto e á parte no camiño longo da súa vida, pois fai que comece a vivir nunha intensa soidade. Sempre fora un home solitario cando vivía “desterrado”, pero agora a súa soidade non era só anímica, pois a súa casa da rúa Real de Fefiñáns ficou a soas co poeta e coa filla María Luísa, que axiña marcharía da casa. A mediados dos anos 40 aquel Cabanillas loitador (e soñador)



Cabanillas no 1912 ao regreso de Cuba (con pucha, o cuarto pola esquerda)

séntese realmente triste e derrotado, a xulgar por unha carta a Pedrayo (Cambados, 3 de marzo de 1946):

Non fago nada: espero. A vida é agre. Nesta cerrazón eu non vexo nada. Esta tráxica falta de luz, nos que estamos tan preto de pechar os ollos dunha vez para sempre, é unha anguria doente.

Porén, a finais deses anos 40 Cabanillas vaise embarcar plenamente, e ata a súa morte, na loita sociocultural do galeguismo de posguerra. En 1948 practicamente tiña escrito *Samos*, un dos poemarios descritivos de maior calidade da literatura galega, que se editaría dez anos máis tarde; en 1949 publica *Camiños no tempo*, libro que inauguraba o proxecto editorial Bibliófilos Gallegos. E por unha carta a Pedrayo (Cambados, 18 de agosto de 1948) sabemos que no mosteiro de Samos ía rematar o *Alauda* e *antífona da copra*, a obra que co título *Antífona da cantiga* inaugurou en 1951 o histórico e valioso fondo editorial e o proxecto sociocultural de Galaxia.

Nese triste "inverno" sempre mantivo un inequívoco compromiso coa lingua galega, pois non usou o castelán nas súas novas publicacións. E cando en 1950 na Arxentina morre Castela, figura que o franquismo tiña totalmente proscrita, editouse clandestinamente a fermosa elexía "¡Irmán Daniel!", asinada por Ramón Cabanillas.

O poeta faleceu o 9 de novembro de 1959 na rúa do Hospital de Cambados e enterrouse en Fefiñáns, a viliña

onde nacera. Ía facer eu sete anos cando unha tarde vin pasar unha interminable comitiva fúnebre pola Calzada, o paseo-alameda que antes fora praia e que une as viliñas de Fefiñáns e Cambados. Ningún dos nenos do barrio de Fefiñáns que esa tarde andabamos a enredar coas follas do outono que estraban todo o paseo sabíamos a quen levaban a enterrar naquela caixa.

Sóbeno moito máis tarde, cando por Defuntos fun con miña nai a levarlle un ramiño de flores a un meu irmán, que estaba enterrado no cemiterio de Fefiñáns mesmo a carón dun panteón cuns versos –posiblemente as primeiras palabras en galego que lin na miña vida– cunha palabra, *aas*, que moito me intrigaban:

Quero na lousa que me dé sosego esta palabra que ten luz: Poeta e esta palabra que ten aas: Galego.

Desde o 12 agosto 1967 as cinsas do poeta descansan na friaxe do chanco do Panteón de Galegos Ilustres. E ¡42 anos! despois da súa translación aínda non figura en Bonaval o epitafio-encomenda que lle fixera á súa muller no poema inicial de *Vento mareiro*.

Remato cunhas palabras da gabanza que Álvaro Cunqueiro, con raíces familiares en Cambados, lle dedicou a Cabanillas cando ocupou a súa cadeira na Academia Galega:

Foi un gran poeta. Cantóu o país seu na lingua propia, perpetuamente fresca, como erba de vran. Cantóu os santos, os héroes, os amadores, os mariñeiros, os labregos, os mendiños, as rosas, o viño, os piñeiros, o mar, e tamén a espranza humana, e os soños. Era un poeta dunha calidade máis antiga da que agora se leva. Foi o derradeiro, entre os grandes poetas galegos, en empregar pra dicir a poesía voces case sacramentais, xeitos solenes e vaticinios. Díxolle ao seu pobo fermosos cantos, unhas veces irados, outras entusiasmados, e tamén íntimas confesións de corazón a corazón, e sempre pasmando a todos coa beleza descuberta no ácio, na roseira, no vento, no silencio, como un soño de pombas do seu Cambados ■